

XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DOCE DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: <u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u> JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do doce de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
--	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local,deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN EXPEDIENTE DE LICENCIA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN..-

EXP.-LP0-2/2015.

OTORGAR a D. LINO RIO VAZQUEZ, licencia de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar de plantas semisoto e baixa, situada no Camiño Outeiro nº 29- S. Martiño Xubia, con suxeción as seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo, as condicións especificadas na licencia de obras otorgada por Resolución do Concelleiro-Delegado de Urbanismo con data 27/Xaneiro/2012.
- b) Ademáis, os proxectos, anexos, planos reformados visados en data 25/Setembro/2012, certificado final de obra asinado e visado polo colexio oficial correspondente con data 12/Febrero/2015, e demais documentación presentada ós efectos.

TAXAS: 36,82 EUROS

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN EXPEDIENTE DE LICENCIA DE APERTURA DUN GARAXE SOMETIDO AO DECRETO 133/2008..-

OTORGAR a COMUNIDADE PROPIETARIOS do edificio situado na R/ Concepción Arenal nº 111 H-70291547 apertura de instalación dun garaxe comunitario, emplazado na R/ Concepción Arenal nº 111, con suxeción as seguintes condicións:

- a) A actividade non poderá entrar en funcionamento ata tanto non se atope instalado e se realice visita de inspección favorable polos servizos técnicos municipais, a cuio efecto o titular da licencia unha vez rematada a a instalación, debe solicitar do Concello a mencionada visita.
- b) Deberá presentar Certificado Final de Obra subscrito por facultativo competente
- c) No caso de utilizarse auga nos labores de limpeza do recinto, deberase instalar unha arqueta separadora de graxas na condución de evacuación dos sumidoiros e limpala periódicamente, entregando a materia extraída dela a un xestor de residuos autorizado.
- d) Condicionado a que se de cumprimento ó disposto na Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras e no Decreto 35/2000 polo que se desenvolve a devandita Lei (DOG nº 166 de data 29/8/97 e DOG nº 41 de data 29/2/00).
- e) Condicionado o cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes.
- f) Axustarase ademais, o proxecto presentado asinado e visado polo colexio oficial corresponde en data 20/Xaneiro/2010, anexos de 11/Febreiro/2016 e demais documentación presentada os efectos.

TAXAS: 1.597,94 EUROS.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O INVENTARIO E PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO.- Vista a proposta formulada que di así: O funcionario responsable de Turismo, en data 05-05-2016, elevou a este Alcalde o informe de código ASI10I0A1 que di:

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/71/2015: Subvención para o Inventario e Plan Estratéxico de Turismo
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación de subvención

Por resolución de data 17/12/2015 e código ASIZI0FF, o Alcalde-Presidente deste Concello aprobou a solicitude, á Deputación da Coruña, da subvención para o Inventario e Plan Estratéxico de Turismo, por importe de 9075,00 €, o que supón o 100% do orzamento estimado do proxecto segundo a memoria que obra no expediente. Desá resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local na sesión do 21/01/2016.

No BOP nº. 82, do 2 de maio de 2016, publicouse a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa DP0007, concedendo provisionalmente a este Concello a seguinte subvención:

Solicitudes	Importe subvención	Coficiente	Pto. subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE NARÓN NIF: P1505500G Cod. Exp.: 2015000007928 Obxecto: INVENTARIO E PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO DO CONCELLO DE NARÓN	4799,77 €	1,0000	4799,77 €

Segundo o punto 6 da resolución de concesión, entenderase tacitamente aceptada a subvención se, transcorridos dez días hábiles desde a publicación, non se formule desistimento expreso da mesma.

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión e o desistimento ou rexeitamento deberán ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá vir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por concesión.* A tal efecto, quen subscribe elaborou o informe de código ASI10I0A0 comprensivo do referido plan de financiamento. Logo da publicación da concesión definitiva da subvención, procederá a xeración do importe concedido na aplicación orzamentaria encargada da achega municipal. Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o plan de financiamento definitivo para o Inventario e Plan Estratéxico de Turismo, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI10I0A0:

PROXECTO	INVENTARIO E PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO DO CONCELLO DE NARÓN
IMPORTE TOTAL	9075,00 €
FINANCIAMENTO EXTERNO (A)	
Entidade	Importe
Deputación da Coruña	4799,77 €
SUBTOTAL (A)	4799,77 €
Porcentaxe de financiamento externo sobre o total do proxecto	52,89 %
ACHEGA MUNICIPAL (B)	
Aplicación orzamentaria	Importe
21 43200 22699 (Turismo – Outros gastos)	4275,23 €
SUBTOTAL (B)	4275,23 €
Porcentaxe de achega municipal sobre o total do proxecto	47,11 %
TOTAL FINANCIAMENTO (A+B)	9075,00 €

SEGUNDO: Aceptar, da Deputación da Coruña, a subvención para o Inventario e Plan Estratéxico de Turismo, por importe de **4799,77 €**, segundo o establecido na referida concesión provisional de subvención.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello co **RC=3777/16** (documento adxunto de código **ICO10I039**), este Alcalde propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA O EQUIPAMENTO DO SERVICIO DE EMERXENCIAS.- Vista a proposta formulada que di así: O Inspector Xefe de Emerxencias, en data 04-05-2016, elevou a este Alcalde o informe de código ASI10I09T que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/42/2016: Subvención para o equipamento do Servizo de Emerxencias 2016
DESTINATARIO	Concellería de Seguridade Cidadá / Servizos Económicos
ASUNTO	Solicitud de subvención

No DOG núm. 71, do 14 de abril, publicouse a *ORDE do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrència competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a adxudicación, en réxime de concorrència competitiva, de equipamento de emerxencias aos concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos galegos que contén con AVPC inscrita no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia conforme a Lei 5/2007, do 7 de maio, e o Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

O Concello de Narón conta coa referida Agrupación desde 1992, estando rexistrada na Xunta de Galicia co número 40. Valoradas as posibles liñas de axuda estableceuse a prioridade á hora de solicitar o equipamento:

1. Liña 4: remolques de salvamento e rescate.
2. Liña 3: embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate.
3. Liña 2: remolques para a atención ás emerxencias.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 1, sinala que *as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. Neste caso, ao tratarse dunha subvención en especie que non esixe xustificación e que, ademais dos gastos correntes derivados do uso e mantemento do equipamento, non implica achega económica algunha do Concello, non procede a elaboración do plan de financiamento provisional.*

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Solicitar da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a subvención en especie para a equipamento do servizo de Emerxencias de Narón, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Liña 4: remolques de salvamento e rescate.
2. Liña 3: embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate.
3. Liña 2: remolques para a atención ás emerxencias.

SEGUNDO: Aceptar as condicións e demais requisitos esixidos na convocatoria..

TERCEIRO: Designar a José Manuel Blanco Suárez, Alcalde-Presidente, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I03B**), este Alcalde propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello e ao órgano concedente a efectos da oportuna tramitación electrónica do expediente de subvención.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 .- PROPOSTA PARA DAR CONTA DA APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE CONVENIOS 2015.-

- Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 2 de maio de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

“De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

O Concello de Narón, ao longo do ano 2015, co obxecto de posibilitar un crecemento sostido e equilibrado das Entidades Deportivas do municipio, asinou convenios de colaboración, para levar a cabo dito crecemento, potenciando e difundindo a imaxe do noso Concello a través de ditas Entidades.

A aprobación dos convenios e a súa xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015 (Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015).

Con motivo da urxencia de aprobación do convenio co Club Narón Balompé Piñeiros, e das xustificacións dos convenios coas entidades mais abaixo relacionadas, esta alcaldía abocou a dita delegación , aprobando o convenio citado e a xustificación de cada un deles e recoñecendo a obrigação de pago correspondente, quedando pendente dar conta da aprobación do dito convenio e das xustificacións dos Convenios á Xunta de Goberno Local.

- **Aprobación de Convenios:**

		APROBACIÓN DO
--	--	----------------------

ENTIDADE	CONVENIO	CONVENIO
<i>Club Narón Balompé Piñeiros</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Fútbol</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>

- Xustificación de Convenios:

Convenios para actividades:

ENTIDADE	CONVENIO	APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN E RECOÑECEMENTO DA OBRIGACIÓN DE PAGO
<i>Club Piraguismo Narón</i>	<i>“Campionato Galego Benx.e Alevín de Piraguismo “</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>A.Deportiva Náutico Narón</i>	<i>“ Trofeo Cidade de Narón de Natación “</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Atletismo Narón</i>	<i>“ Torneo Cidade de Narón de Atletismo ”</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Narón Volea</i>	<i>“ VIII Campionato de Voleibol Cidade de Narón ”</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>A.D.Santiago Apostol</i>	<i>“ Finais Copa Galicia de Baloncesto “</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club de Golf Campomar</i>	<i>“ Torneo de Golf Cidade de Narón ”</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Tenis de Mesa Cidade de Narón</i>	<i>“XVI Torneo C.de Narón de Tenis de Mesa”</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Acordes Narón</i>	<i>“Torneo C.de Narón de Ximnasia Rítmica”</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>

ENTIDADE	CONVENIO	APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN E RECOÑECEMENTO DA OBRIGACIÓN DE PAGO
<i>S.D.C.R ó Freixo</i>	<i>“Trofeo Fútbol Sala Base Cidade de Narón”</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Cidade de Narón</i>	<i>“ Xira da Selección Nacional de Vietnam e Trofeo C.de Narón de Fútbol Sala”</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Asociación Deportiva Dardeiros Galegos</i>	<i>“ Trofeo Cidade de Narón de Dardos “</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>

Convenios anuais:

ENTIDADE	CONVENIO	APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN E RECOÑECEMENTO DA OBRIGACIÓN DE PAGO
<i>Club Narón Balompé Piñeiros</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Fútbol</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>A.Deportiva Náutico Narón</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Natación</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Atletismo Narón</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Atletismo</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Narón Volea</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Voleibol</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>A.D.Santiago Apostol</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Baloncesto</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>A.D.Santiago Apostol</i>	<i>Reaxuste do Convenio do ano 2015 para á actividade de Baloncesto</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>

<i>Club Balonmán Narón</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Balonmán</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Escola Superior de Kárate</i>	<i>Convenio anual para á actividade de kárate</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Baile Deportivo Narón</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Baile deportivo.</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Cidade de Narón</i>	<i>Reaxuste do Convenio do ano 2015 para á actividade de Fútbol Sala.</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>
<i>Club Arco Narón</i>	<i>Convenio anual para á actividade de Tiro con Arco</i>	<i>R.Alcaldía – 30-12-2015</i>

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.*
- *Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.*
- *R.D. 887/2006 de 21 de xullo, que aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.*
- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.*
- *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de execución do orzamento en curso.*

C) INFORME-PROPOSTA

Polo exposto anteriormente, propónse dar conta á Xunta de Goberno Local, da aprobación do Convenio co Club Narón Balompé Piñeiros e da xustificación e recoñecemento da obriga e da orden de pago, de cada un dos convenios relacionados anteriormente.

Non obstante, á Xunta de Goberno Local, adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Tomada razón polal Intervención Xeral, do Informe Proposta do administrador-xerente, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE



Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI